


A CGT da Coruña apoia a Marcha do Persoal Precario das Administracións



A CGT da Coruña acordou prestar o seu apoio á Marcha do Persoal Precario da Administración Pública, que terá saíra o próximo venres, día 16 de marzo, ás 10:00 horas, do Parlamento de Galicia.

Para a **CGT** a defensa dos servizos públicos de calidade é un das súas prioridades sindicais; e para que estes servizos públicos non se vexan paulatinamente deteriorados é imprescindible un emprego público estable e de calidade. O persoal que atende agora mesmo estes servizos é, en gran parte, temporal e cunhas condicións de traballo, sen expectativas de consolidación, lamentables. Por iso, a **CGT** considera que as reivindicacións deste persoal son xustas.

Por iso, a **CGT** da Coruña convoca a que a súa afiliación, simpatizantes e pobo traballador participe nesta mobilización e se solidarice con estes colectivos maltratados pola Administración.

Comité da **CGT** da Coruña